

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO PARA A IMPLANTACIÓN DUNHA CENTRAL DE DISTRIBUCIÓN DE ENERXÍA TÉRMICA EN LUGO**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O secretario xeral técnico da Consellería Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

**DECLARA:**

Que esta Consellería formalizou coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o remate da colaboración establecida na cláusula segunda.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases para a colaboración en relación á construción dunha nova central de biomasa, dentro do proxecto de District Heating de Lugo, no que afecta ao edificio Facultade de Formación do Profesorado – C.E.I.P. Anexa, así como o seu funcionamento posterior.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

**Primeiro.-** A Constitución Española recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, o actual escenario de cambio climático obriga a impulsar medidas relativas á diminución as emisións de gases de efecto invernadoiro e promoción das enerxías renovables nos centros docentes, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan ás súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e xestionar de forma compartida as actuacións públicas conforme aos principios xerais de eficacia e eficiencia na asignación de recursos públicos (artigos 7 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade).



**Segundo.-** O 8 de setembro de 2021 a Consellería de Cultura, Educación e Universidade subscribiu un convenio de colaboración coa Axencia Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) para o desenvolvemento de proxectos de enerxías renovables cofinanciados con Fondos Feder no Marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020.

O obxecto do citado convenio é establecer as bases de colaboración entre o INEGA e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade para impulsar o emprego das enerxías renovables nos centros educativos citados no seu Anexo I situados en Lalín, Santiago de Compostela, Ourense, Vigo e Lugo, entre os que se cita o proxecto de District Heating de Lugo, na citada cidade, que ten como fin dotar ao IES Lucus Augusti dunha sala de caldeiras, na parcela situada na avenida Rodríguez Mourelo 1, que alimentará de enerxía térmica aos edificios I.E.S. Lucus Augusti, I.E.S. Nosa señora dos Ollos Grandes, Facultade de Formación do Profesorado – C.E.I.P. Anexa, C.I.F.P. Politécnico e residencias Lugo I e Lugo II.

**Terceiro.-** O financiamento deste proxecto realizarase con fondos comunitarios do programa operativo 2014-2020 nun 80%, sendo asumido o restante 20% con fondos propios da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

**Cuarto.-** Este proxecto, ten como fin a implantación dunha rede de distribución de calor para abastecemento de calefacción e auga quente sanitaria, mediante unha rede de conducións soterradas que abastecen de enerxía térmica a cada un dos edificios, utilizando a biomasa como fonte de enerxía primaria para os edificios citados anteriormente, mellorando a eficiencia enerxética dos mesmos, sendo os obxectivos globais da actuación a redución do consumo de combustibles fósiles (gasóleo, gas natural, propano...) e as emisións asociadas de gases de efecto invernadoiro.

**Quinto.-** Co fin de incrementar a eficiencia da instalación, aproveitar as economías de escala e promover a concienciación ambiental do alumnado propónse incluír na rede de calor a todos os edificios docentes e residenciais da contorna do I.E.S. Lucus Augusti, en particular o edificio Facultade de Formación do Profesorado – C.E.I.P. Anexa, que dispón dunha única sala de caldeiras para subministro de enerxía térmica (calefacción e auga quente sanitaria) a todo o edificio.

Este proxecto inclúe a construción dunha rede de distribución de calor cunha nova sala de caldeiras que alimentará aos edificios mediante unha rede de conducións soterradas que abastecen de enerxía térmica a cada un dos edificios.



A configuración da instalación será en varias liñas de subministración de calor, un dos ramais alimenta aos edificios Facultade de Formación do Profesorado – C.E.I.P. Anexa e Residencia Lugo I. A mellor solución técnica deste ramal pasa por que a condución discorra polos terreos baldíos da Facultade de Formación do Profesorado.

**Sexto.-** O edificio Facultade de Formación do Profesorado – C.E.I.P. Anexa está sendo utilizado na actualidade pola Universidade de Santiago de Compostela e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, sendo a titularidade actual do edificio da Universidade de Santiago de Compostela.

O obxecto do presente convenio é regular a autorización do paso das conducións soterradas a través dos terreos da Facultade de Formación do Profesorado, así como a execución das obras precisas da central de distribución de enerxía térmica citada.

En todo caso o uso da instalación, unha vez rematada, será de titularidade da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela,

O secretario xeral técnico

Manuel Vila López

